

### III. OUTRAS DISPOSICIÓN

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*EXTRACTO da Orde do 6 de agosto de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de axudas destinadas a persoas tituladas universitarias en situación de desemprego para a matrícula nun máster universitario oficial ofertado polas universidades do Sistema universitario de Galicia no curso académico 2018/19.*

BDNS (Identif.): 412051.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdntrans/index>).

##### Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Personas desemplegadas con titulación universitaria matriculadas no curso 2018/19 nun máster universitario oficial ofertado polas universidades do Sistema universitario de Galicia

##### Segundo. *Obxecto*

Convocar en réxime de concorrencia competitiva axudas destinadas a financiar os gastos derivados da matrícula nun máster universitario oficial ofertado polas universidades do Sistema universitario de Galicia.

##### Terceiro. *Bases reguladoras*

Publícanse conjuntamente coa convocatoria.

##### Cuarto. *Orzamento e contía das axudas*

O importe global previsto na orde é de 200.000 euros.

A contía da axuda cubrirá o importe correspondente a 60 créditos de primeira matrícula do máster universitario segundo os prezos públicos establecidos no anexo do Decreto 68/2018, do 21 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos



académicos e administrativos nas universidades do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2018/19 (DOG núm.128, do 5 de xullo de 2018).

Para os incluídos no punto 1.2 do anexo do decreto a contía máxima asignada será de 835,8 euros para os da epígrafe A) e de 591 euros para os da epígrafe B).

Para os incluídos no punto 1.3 do anexo do decreto a contía máxima asignada será de 1.881,6 euros para os da epígrafe A) e de 1.296,6 euros para os da epígrafe B).

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* ata o 1 de outubro de 2018.

Santiago de Compostela, 6 de agosto de 2018

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

